

AinfoHor


Trazabilidad
Online

Software de Xestión Integral
de Producións Hortofrutícolas



Investigación e desenvolvemento tecnolóxico Rural

Pantalla Principal



Operarios:
 Selección do operario a realizar a tarefa

Alta e/ou rexistro de Operarios, cultivos, parcelas, etc...

Cultivos Disponibles para a súa xestión

The screenshot shows a main interface with a profile picture of a man, a list of crops (Patacas 2012, Patacas 2014, Leituga R, Tomate Negro) with dates, and a grid of icons for various tasks like 'SATERNAS PRIMAS', 'OPERARIOS', 'RECALCULO MAGAZINAJA', 'REGISTRO ASESOR', 'PARCELAS', 'CULTIVOS', and 'PRODUCTOR / EMPRESA'.

Alta do Produtor

O primeiro paso a realizar será rexistrarnos no programa clicando no boton



Completaremos os datos da nosa explotación, tales como o nome, dirección, c.p, etc...

Rexistro P.I.: Rexistro de Produtor Integrado

Rex. VD.: Correspóndese co código de rexistro para o uso dos códigos qr de cara ao consumidor.

Gps: Na parte inferior atopamos o boton "GPS", unha vez activado o gps no noso smartphone ou tablet, clicaremos neste botón para rexistrar a nosa posición.

Nome	José Manuel
Apelidos	Campos
NIF	111111111
Domicilio	
Parroquia	
Lugar	
Municipio	
CP	
Provincia	A Coruña
Tlf	
Fax	
Rexistro P.I.	
Entidade	
CEA	
Rex. VD	00000011
Gps	42.88683834
Gps	-8.50973206
Cod. Web:	
	Gps
	Gardar

Alta de Parcelas

O seguinte paso será rexistrar as parcelas a traballar. Para elo clicamos no botón



A xestión das parcelas consta de 3 apartados principais:

Alta Parcelas: Onde rexistraremos as parcelas cos seus correspondentes datos

Alta UHC: Rexistraremos unidades homoxéneas de cultivo

UHC Asignación: Asignación a cada UHC das parcelas que forman parte.


Alta Parcelas: Para o correcto rexistro das parcelas debemos completar todos os datos solicitados. Os campos Provincia, Municipio, Polígono, Parcela e Subparcela deben completarse cos códigos correspondentes, tal e como se poden consultar no SixPac. En Nome identificaremos a parcela de tal xeito que nos resulte fácil de identificar no resto da aplicación.

Alta UHC: (Unidade Homoxénea de Cultivo). Dado que moitos cultivos se van a realizar en distintas parcelas, debemos crear un UHC para cada cultivo, e a este UHC lle asignaremos todas aquelas parcelas que precisemos.

Para engadir un UHC simplemente definiremos o seu nome e clicaremos en Gardar. (Non é necesario indicar a superficie, este dato actualizarase a medida que asignemos parcelas a este UHC).

UHC Asignación: Para asignar parcelas a unha UHC, seleccionaremos a mesma no combo de selección, e a continuación faremos pulsación longo sobre cada parcela que desexemos engadir. As parcelas asignadas a UHC amosaranse a esquerda (debaixo da UHC).

Xestión Parcelas



Alta Parcelas	
Provincia	<input type="text"/>
Municipio	<input type="text"/>
Polígono	<input type="text"/>
Parcela	<input type="text"/>
Subparcela	<input type="text"/>
Nome	Fonte
Superficie	3500
Observacións	<input type="text"/>
Uso Sigpac	<input type="text"/>
Secano/Regadio	<input type="text"/>
Aire Libre / Prot.	<input type="text"/>
Sist. Certificación	<input type="text"/>

Alta UHT	
Nome	<input type="text"/>
Superficie	<input type="text"/>
Observacións	<input type="text"/>
<input type="button" value="Gardar"/> <input type="button" value="Limpar"/>	

Xestión Parcelas	
Parcela	Fonte
Patacas2013	<input type="text"/>
SuaHorta 3500	SuaHorta
Peñasco 2500	Peñasco
outra 580	SuaHorta
	Fonte


Xestión de Operarios

Para engadir un novo operario debemos completar os distintos campos de datos solicitados (Nome, coste, nif, nº carnet, tipo..) e clicar no botón Gardar. Ao gardar mostrarase no listado da dereita.

Para modificar os datos dun operario seleccionaremolos no listado (clic nel), modificaremos os datos desexados e clicaremos en gardar.

Para eliminar un rexistro faremos unha pulsación longa sobre o mesmo (no listado da dereita).

Para engadir unha foto ao operario, de xeito que se mostre na pantalla inicial, clicaremos sobre o recrado da parte superior. Isto abrirá a cámara do noso dispositivo para realizar unha foto, unha vez rematado clicaremos en gardar.



Alta Operarios

operario 1

operario 2

Nome

Coste/Hora

NIF

Nº Carné U. profesional


Tipo Carné

Observacións

Operario 3

Operario 4

Operario 5



Alta Operarios

operario 1

operario 2

Nome

Coste/Hora

NIF

Nº Carné U. profesional

Tipo Carné

Observacións

Operario 3

Operario 4

Operario 5

Alta de Cultivos

Debemos dar de alta cada un dos cultivos a xestionar. Na alta dun cultivo debemos cumprimentar os seguintes datos:


Nome do Cultivo: Nome que identifique ao cultivo

Parcela UHC: Seleccionaremos a UHC rexistrada anteriormente e que se corresponda coo parcela/s do cultivo.

Data: Data de inicio dos traballos para o cultivo

Variedade: Variedade do cultivo

Densidade: Densidade media do cultivo en m2



Alta Cultivos

Nome Cultivo 03/04/2012 Patacas 2012

Parcela (UHC)

Data 17/04/2014 Patacas 2014

Nº UHC/COTO

Patrón

Variedade 28/05/2014 Leituga R

Densidade

Superficie 28/05/2014 Tomate Negro

Sup.Reserva Eco.

Observacións

Materias Primas

Rexistramos as compras de todos aqueles produtos e servizos empregados na produción.

Data: Por defecto amosa a data actual, para modificala só teremos que clicar sobre a mesma.

Descrición: Nome do produto a rexistrar a compra. Ao clicar sobre o campo amosaranse todos os produtos xa rexistrados, coa finalidade de escoller un. De non aparecer o produto comprado teremos que, previamente, rexistralo clicando no botón.

Outra opción e empregar o lector de códigos de barras. Clicamos no botón da esquerda co que se abrirá a cámara para escanear o produto.

Se o produto non existe debemos rexistralo, na seguinte páxina explícase este procedemento.




Provedor: Ao clicar neste campo mostraranse os provedores xa rexistrados para seleccionar o axeitado. De non estar rexistrado o provedor debemos engadilo no botón ao efecto.




Cantidade: Cantidade comprada. Hai que destacar que a unidade que se empregue eiqú ten que ser a mesma para todo o programa. Se por exemplo rexistro a compra de 5 kilos de abono "XXX", a hora de rexistrar no cultivo o gasto do mesmo tamén o terei que indicar en kilos.

Importe: Custo total dese produto.

Nº Factura: Nº de factura correspondente a compra.

Asimesmo dispoñemos dunha serie de campos que se deben cubrir no caso de ser sementes, como son o nº de lote, nº rexistro, nome do produtor... (Estos datos debemos rexistralos sempre que estean dispoñibles).

Materias Primas		
Data Entrada	08/07/2014	02/07/2013 Fungicida Acrobat WG 1Kg
Descrición	 Escoller	
Proovedor	Escoller	 02/07/2013 Secado Planta
Cantidade		
Importe		08/06/2013 Fungicida Acrobat WG 1Kg
Nº Factura		
Cubrir só para sementes		
Nº lote		18/04/2013 Insecticida Pison
Nº rexistro		
Nome Productor		03/05/2013 Vitamina Foliar
Outros		
Observacións		

Materias Primas		
Data Entrada	02/07/2013	02/07/2013 Fungicida Acrobat WG 1Kg
Descrición	 Fungicida Acrobat WG 1Kg	
Proovedor	Coreber	 02/07/2013 Secado Planta
Cantidade	1	
Importe	27	08/06/2013 Fungicida Acrobat WG 1Kg
Nº Factura	11231	
Cubrir só para sementes		
Nº lote		18/04/2013 Insecticida Pison
Nº rexistro		
Nome Productor		03/05/2013 Vitamina Foliar
Outros		
Observacións		

Alta dun novo produto

Código de Barras: Dispoñer do código de barras de cada produto permitiranos a súa búsqueda posterior simplemente escaneando dito código.




A Introducción do código pode ser manual, escribindo a numeración do mesmo no campo de texto ou ben, clicando no botón escanear e escaneando o código de barras do produto directamente.

Nome: Escribir o nome do produto

Descrición: Calquera outra información sobre o produto que poida ser de interese

IVE: Porcentaxe de iva aplicable ao produto

Ficha Produto e Ficha Seguridade: Para os produtos fitosanitarios é obrigatorio ter as fichas de seguridade rexistradas. O primeiro que debemos facer e buscar as fichas en internet e descargarlas/almacenalas no noso dispositivo. (O ideal será crear un directorio en onde gardar todas as fichas). Unha vez dispoñemos da ficha podemos clicar na lupa e buscalo, de forma que quede rexistrado na aplicación e se poida abrir dende a mesma directamente.

Engadir Produto	
Código de Barras	 <input type="text"/> Fungicida Acrobat WG 1Kg
Nome	<input type="text"/>
Descrición	<input type="text"/> Herbicida Titus 120Gr
IVE	<input type="text"/>
Ficha Produto	 <input type="text"/> Insecticida Pison
Ficha Seguridade	 <input type="text"/>
<input type="button" value="Gardar"/>	<input type="button" value="Limpar"/> Vitamina Foliar
	Secado Planta

Instalacións - Maquinaria

Alta de Maquinaria

Maquinaria: Introduciremos un nome corto que nos permita identificar a máquina rápidamente

Marca/Modelo: Como indica, introducir a marca e modelo da máquina.

Ano de adquisición: ano no que a máquina entrou en funcionamento na propia explotación.

Data inscrición regnac: Data de inscrición en el registro de maquinaria agrícola.

Nº inscrición regnac: Número de inscrición en dicho registro.

Coste/Hora: Este campo debe recoller o custo total de dita máquina por hora. Por exemplo, se rexistramos unha Fresadora, o custo por hora debe recoller o custo de dita fresadora así coma o custo do tractor que tira pola mesma.

Alta Maquinaria		
Maquinaria	<input type="text" value="Fresadora"/>	Arado
Marca/Modelo	<input type="text" value="Howard"/>	
Ano Adquisición	<input type="text" value="2003"/>	Fresadora
Data inscrición regnac	<input type="text" value="03/07/2013"/>	
Nº inscrición reganc	<input type="text" value="80028734D"/>	Abonadora
Observacións	<input type="text"/>	
Coste/Hora	<input type="text" value="25"/>	
<input type="button" value="Gardar"/>	<input type="button" value="Limpar"/>	Pulverizador
		Sementadora

Exercicio Práctico

Alta de Parcelas: Rexistrar, alomenos, 4 parcelas con todos os datos necesarios

Alta Parcelas	
Provincia	15
Municipio	19
Polígono	184
Parcela	125
Subparcela	
Nome	Fonte
Superficie	6260
Observacións	
Uso Sigpac	ta
Secano/Regadio	
Aire Libre / Prot.	
Sist. Certificación	

Alta Parcelas	
Provincia	15
Municipio	19
Polígono	184
Parcela	80013
Subparcela	
Nome	SuaHorta
Superficie	8159
Observacións	
Uso Sigpac	ta
Secano/Regadio	
Aire Libre / Prot.	
Sist. Certificación	

Alta Parcelas	
Provincia	15
Municipio	19
Polígono	184
Parcela	94
Subparcela	
Nome	Horta
Superficie	1852
Observacións	
Uso Sigpac	
Secano/Regadio	
Aire Libre / Prot.	
Sist. Certificación	

Alta UHC. Rexistrar as seguintes UHC

Patacas 2014
 Leituga 2014
 Tomate 2014

Asignar Parcelas a UHC. Asignamos a UHC Leituga 2014 as parcelas segundo a imaxe

Asignar Parcelas a UHC	
Seleccionar UHC	Fonte
Leituga 2014	
Fonte 6260	SuaHorta
SuaHorta 8159	Horta

Alta de Cultivos:

Imos rexistrar o seguinte cultivo: Leituga 2014, cos datos que se mostran na imaxe.

Rexistraremos tamén os seguintes cultivos (empregar outros datos "aleatorios")

- Patacas 2012
- Patacas 2014
- Tomate 2014


Alta de Maquinaria: Rexistraremos distintas máquinas, por exemplo: Fresadora Howard do 2003, cun custo por hora de 25€.

Alta Operarios: Rexistraremos 4 operarios (Operario 1, Operario 2, Operario 3, Operario 4) cun custo por hora de 7€.

Alta Cultivos	
Nome Cultivo	Leituga 2014
Parcela (UHC)	Leituga 2014
Data	28/05/2014
Nº UHC/COTO	
Patrón	
Variedade	Folla de Roble
Densidade	10
Superficie	14419
Sup.Reserva Eco.	0
Observacións	
Gardar	Limpar

Pantalla Principal

Unha vez rematado o exercicio anterior, debemos ver a seguinte pantalla de inicio



operario 1

operario 2

Operario 3

Operario 4

Operario 5



Patacas 2012

03/04/2012



Patacas 2014

17/04/2014




Leituga 2014

28/05/2014



Tomate 2014


28/05/2014



Operacións con Cultivos

Ao clicar nun dos cultivos da pantalla principal teremos a posibiidade de introducir os datos de todas as operacións levadas a cabo co mesmo

Leituga 2014



Manexo do Solo

Data Entrada: Data de realización da operación. Por defecto carga a data actual. Para modificar a data clicaremos enriba deste campo.

Tipo Labor: Debemos escoller unha das labores propostas. As labores posibles son: Fresar, Arar, Grade, Cultivador, Alomar, Acolchar, Alomar e Acolchar, Outros.

Maquinaria: Seleccionaremos unha das maquinarias rexistradas en "Alta de Maquinaria".

Tempo: Para rexistrar o tempo empregado nesta operación temos dúas opcións:

-**Directa:** Clicamos enriba do campo e introducimos as horas e minutos empregados en realizar a operación.


-**Indirecta:** Outra posibilidade é deixar este campo en branco. Ao clicar en gardar creárase unha notificación no noso dispositivo. Esta notificación pode consultarse na pantalla principal do dispositivo (ao igual que o resto de notificacións coma o correo, mensaxes, etc).

Unha vez establecida a notificación, podemos cerrar o programa e realizar a operación no cutivo.

Uha vez rematada a operación imos a notificacións e clicamos sobre a mesma, deste xeito amosarase de novo a ventá do programa cos datos que introducimos y máis o campo tempo completado co tempo transcurrido. Para finalizar clicaremos en gardar. Ao gardar amosarase ese rexistro a dereita da pantalla.

Se clicamos sobre este apunte podemos ver os datos completos do mesmo, modificar calquera dos datos e volver a gardar.

Unha pulsación longa sobre este rexistro permítenos borrarlo.



Manexo Solo

Data Entrada: 09/07/2014

Tipo Labor: Escoller

Maquinaria: Escoller

Tempo:

Cubrir en caso de desinfeccións:

Produto: Escoller


Materia Activa:

Dose:

Cantidad:

Observacións:

Gardar Limpar



Manexo Solo

Data Entrada: 09/07/2014 09/07/2014 Fresar

Tipo Labor: Escoller

Maquinaria: Escoller

Tempo:

Cubrir en caso de desinfeccións:

Produto: Escoller

Materia Activa:

Dose:

Cantidad:

Observacións:


Gardar Limpar

Nota: Esta operativa funciona igual en todas as operacións con cultivos.

O valor amosado no campo tempo sempre é en segundos.

Cubrir en caso de desinfeccións: No caso de realizar unha desinfección do terreo, debemos completar os seguintes datos:

- Produto
- Materia Activa
- Dose
- Cantidad

Manexo Solo	
Data Entrada	09/07/2014 09/07/2014 Fresar
Tipo Labor	Escoller
Maquinaria	Escoller
Tempo	
Cubrir en caso de desinfeccións	
Produto	 Escoller
Materia Activa	
Dose	
Cantidad	
Observacións	
Gardar	Limpar

Sementeira


Data de entrada: Introducir a data de realización da sementeira.

Semente: Escollemos entre o listado de produtos a semente empregada. (Debemos, con anterioridade, rexistrar en Materias Primas tanto o produto coma a compra do mesmo).

Cantidad: Cantidad total empregada

Tempo: Funciona igual que en Manexo do Solo, introducimos manualmente as horas e minutos empregados, ou ben empregamos o sistema de notificacións.

Maquinaria: Se empregamos algunha máquina escollerémola neste campo (Previamente ten que estar rexistrada en Alta de Maquinaria).

Alta Sementeira	
Data Entrada	09/07/2014
Semente	 Escoller
Cantidad	
Tempo	
Observacións	
Maquinaria	Escoller
Gardar	Limpar

Rega:

Sistema de Rega: Sistema empregado

Data: Data no que se realiza o regadio

Horas Rega: Horas totais de regadio

Caudal: Litros por hora descargados no cultivo

Tempo: Tempo empregado

Maquinaria: Escoller a maquinaria empregada no regadio, de ser o caso.

Rega	
Sistema Rega	
Data	09/07/2014
Horas Rega	
Caudal	
Tempo	
Maquinaria	Escoller
Gardar	Limpar

Fertilización

Data: Introducir a data de realización da fertilización.

Estado Fenolóxico: Debemos escoller entre as posibilidades que dá o programa (Crecemento vexetativo, Floración, Fructificación, Recolleita, Outros)

Forma de Aplicación: Escolleremos entre (Fondo, Coberteira Foliar, Coberteira Fertirrigación, Coberteira Suelo, Outros)

Produto: Escollemos entre os produtos rexistrados en Materias Primas.


Riqueza: % de riqueza do produto empregado.

Cantidade: Total de unidades empregadas no cultivo

Tempo: Introduciremos o tempo manualmente ou por notificación, tal e como se explica en manexo de solo.

Maquinaria: Escollemos a máquina empregada e rexistrada anteriormente en Maquinaria.

U.F. (kg/Ha): Permítenos introducir os kilogramos por hectarea introducidos no cultivo nos seus distintos elementos (Nitroxeno, Fósforo...)

Fertilizantes	
Data	09/07/2014
Estado Fenoloxico	Escoller
Forma aplicación	Escoller
Produto	 Escoller
Riqueza(%)	
Cantidade	
Tempo	
Maquinaria	Escoller
U.F (Kg/Ha)	
	N <input type="text"/> P2O5 <input type="text"/> K2O <input type="text"/>
	CaO <input type="text"/> MgO <input type="text"/> Outros <input type="text"/>
Gardar	Limpar

Tratamentos Fitosanitarios

Data: Introducir a data de realización do tratamento fito.

Superficie Tratada: Introduciremos a superficie total tratada.

Problema Fitosanitario: Describir brevemente o problema fito do cultivo (mildiu, escarabello, etc)

Xustificación: Definir o porqué da necesidade de empregar o produto fitosanitario

Produto Fitosanitario:

Produto: Escollemos o produto empregado.

Número de Rexistro: Introducir o número de rexistro do produto

Dosis (kg/Has o L/Has): Dose empregada, pode ser en kilogramos por hectarea ou litros por hectarea


Cantidade: Unidades totais de produto empregado no cultivo.

Eficacia: Escoller entre as posibilidades, boa, regular ou mala.

Maquinaria: Escoller a maquinaria empregada na aplicación do produto.

Tempo: Introducir o tempo empregado manualmente ou por notificacións.

Asesor: No caso de ser necesario, introducir o nome do asesor.

Tratamento Fitosanitario	
Data	09/07/2014
Superficie Tratada	
Problema Fitosanitario	
Justificación	
Produto Fitosanitario	
Produto	 Escoller
Número Registro	
Dosis (kg/Ha o l/Ha)	
Cantidade	
Eficacia	Escoller
Maquinaria	Escoller
Tempo	

Tratamento Fitosanitario			
Data	09/07/2014	26/03/2014	Insecticida Pison
Superficie Tratada			
Problema Fitosanitario		13/05/2014	Herbicida Titus 120Gr
Justificación			
Produto Fitosanitario			
Produto	 Escoller		
Número Registro			
Dosis (kg/Ha o l/Ha)			
Cantidade			
Eficacia	Escoller		
Maquinaria	Escoller		
Tempo			

Colleita

Data: Introducir a data de recollida

Cantidade: Cantidade total de cultivo recollida

Almacén: Podemos definir un almacén ou ubicación na que se vai gardar/almacenar a produción.

Tempo: Tempo total empregado na colleita

Produto: Se empregamos algún produto na colleita debemos seleccionalo.

Uds: Cantidade total de produción recollida.

Maquinaria: Seleccionaremos aquela maquinaria empregada no proceso.

Colleita		
Data	<input type="text" value="09/07/2014"/>	06/02/2014 1
Cantidade	<input type="text"/>	
Almacén	<input type="text"/>	06/02/2014 1
Tempo	<input type="text"/>	
Observacións	<input type="text"/>	
Produto	<input type="text" value="Escoller"/>	16/04/2014 1
Uds	<input type="text"/>	
Maquinaria	<input type="text" value="Escoller"/>	
<input type="button" value="Gardar"/> <input type="button" value="Limpar"/>		

Saidas

Data: Data na que sae a produción do almacén cara ao cliente.

Nº Lote: Podemos definir un Nº de lote. Este número será de especial importancia a hora de implementar un sistema de trazabilidade online de cara ao consumidor final. Explicarase detalladamente máis adiante.

Cod. Agrupación: Sis e pertence a algunha agrupación indicarse neste apartado.

Nº Albarán: Nº de Albarán asociado a saída de produción.

Cliente: Nome do cliente

Destino: Lugar xeográfico a onde se envía a produción

Ref. Transporte: Matrícula do transporte empregado.

Cantidade: Unidades totais vendidas

Prezo: Prezo unitario de venda

Total: Total importe da venda

Tempo: Tempo empregado en preparar o envío.

Saídas		
Data	<input type="text" value="09/07/2014"/>	1 11/12/2013
Nº Lote	<input type="text"/>	
Cod. Agrupación	<input type="text"/>	
Nº Albarán	<input type="text"/>	
Cliente	<input type="text"/>	
Nº Rexistro	<input type="text"/>	
Destino	<input type="text"/>	
Ref. Transporte	<input type="text"/>	
Cantidade	<input type="text"/>	
Prezo	<input type="text"/>	
TOTAL	<input type="text"/>	
Tempo	<input type="text"/>	
Observacións	<input type="text"/>	

Resultado Económico

Resultado Económico

Concepto	Productos	Persoal	Maquinaria	TOTAL	Prod. Estimada
Manexo Solo	0	161,19	828,29	989,48	9000.0
Sementeira	831,2	0	55,56	886,75	Coste U 0,5
Fertilización	273	0	0	273	Coste/m2 0,69
Rega	0	0	0	0	Uds/m2 1,37
Tratamentos	611,94	112	400	1123,94	Vendas(uds) 9000
Colleita	93,33	126	50	269,33	€/saída 0,6
Saídas	0	700	0	700	
Amortizacións	0	0	0	0	
TOTAL	1902,8	1225,19	1383,85	4511,84	


Resultado Económico

Recolle un resumo dos costes totais por cada unha das operacións realizadas no cultivo e segundo a orixe das mesmas.

Na captura podemos comprobar, por exemplo, a operación Tratamentos tivo un coste total de 1123,94 €, dos cales o gasto na compra de produtos fito foi de 611,94, o gasto en horas de traballo foi de 112€ e o gasto en maquinaria de 400. Esta mesma análise se pode realizar con cada unha das operacións do cultivo.

Un parámetro fundamental é o custe por unidade producida, de xeito que nos permita comprobar a rendibilidade ou non do cultivo ao comparar co prezo de venda ou de mercado.

Outros parámetros de interese é o custo por metro cadrado, así como a produción por metro cadrado (uds/m²). Esta última pode ser de utilidade para comparar cultivos en distintas ubicacións, así como para comparar productividades de distintos anos.



AinfoHor

Trazabilidade
Online

Software de Xestión Integral
de Producións Hortofrutícolas

Federación EFA Galicia
Centro de Promoción Rural - EFA Fonteboa
Feiranova s/n
15147. Coristanco. A Coruña
981 733 051



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños



agader



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE



FEADER

FEADER:
Europa inviste no rural



FORMACIÓN E
PROMOCIÓN RURAL